

ANEXO

Proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, grupo B, escala de axudantes de arquivos

Fase de concurso: baremación definitiva.

DNI	Apelidos e nome	Base II.3.2.2	Total
52472497-K	Fernández Domínguez, Antonio	3,60	3,60
76819315-M	López Fernández, José Ramón	0	0

Resolución do 6 de maio de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, grupo B, escala de axudantes de museos, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 7, do 10 de xaneiro de 2008) pola que se fai pública a baremación definitiva da fase de concurso.

En sesión que tivo lugar o día 6 de maio de 2009, o tribunal nomeado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 8 de setembro de 2008 (DOG nº 175, do 10 de setembro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de museos, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (DOG nº 7, do 10 de xaneiro de 2008) e de conformidade co establecido na dita orde,

ACORDOU:

Primeiro.-Desestimar as alegacións presentadas por María Graciela López Fernández en canto ás puntuacións da baremación provisional da fase de concurso para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de museos, feitas públicas pola Resolución do 27 de marzo de 2009 (DOG nº 66, do 6 de abril).

Segundo.-Facer pública, como anexo a esta resolución, a baremación definitiva da fase de concurso con indicación da puntuación obtida polas aspirantes que superaron a fase de oposición, de acordo co disposto na base II.3.5 da convocatoria.

Terceiro.-De acordo co disposto na citada base da convocatoria, as interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2009.

Pablo Sánchez Ferro
Presidente do tribunal

ANEXO

Proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, grupo B, escala de axudantes de museos

Fase de concurso: baremación definitiva.

DNI	Apelidos e nome	Base II.3.2.2	Total
33849662-X	Díaz Fernández, María Concepción	16,00	16,00
78795960-F	López Fernández, María Graciela	0	0

Resolución do 6 de maio de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, grupo B, escala de axudantes de bibliotecas, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 7, do 10 de xaneiro de 2008) pola que se fai pública a baremación definitiva da fase de concurso.

En sesión que tivo lugar o día 6 de maio de 2009, o tribunal nomeado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 8 de setembro de 2008 (DOG nº 175, do 10 de setembro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de bibliotecas, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (DOG nº 7, do 10 de xaneiro de 2008) e de conformidade co establecido na dita orde,

ACORDOU:

Primeiro.-Facer pública, como anexo a esta resolución, a baremación definitiva da fase de concurso con indicación da puntuación obtida polos/as aspirantes que superaron a fase de oposición, de acordo co disposto na base II.3.5 da convocatoria.

Segundo.-De acordo co disposto na citada base da convocatoria, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2009.

Pablo Sánchez Ferro
Presidente do tribunal

ANEXO

Proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, grupo B, escala de axudantes de bibliotecas

Fase de concurso: baremación definitiva.

DNI	Apelidos e nome	Base II.3.2.2	Total
1 32449416-G	Babío Carazo, Antonia Patricia	0	0

DNI	Apelidos e nome	Base II.3.2.2	Total
2	36166085-B Díaz del Río López, Elena	0	0
3	46912338-C Fernández Cendón, Xisela	0	0
4	76996529-G Freiría Correa, Silvia	0	0
5	79314702-F García Lauda, Olalla Tamara	4,60	4,60
6	32648886-H Gómez Rey, Pablo Nicolás	0,60	0,60
7	33296644-G Iglesias Otero, María Luisa	0	0
8	44471173-Y Lois Martínez, María Luisa	0	0
9	33861609-C López López, María Carmen	16,00	16,00
10	22981625-W Navarro Carrasco, Gemma	4,60	4,60
11	35460396-P Rey Santiago, María Mónica	0	0

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 24 de abril de 2009 pola que se concede aprazamento da fase de prácticas aos opositores que superaron o procedemento selectivo do corpo de profesores de ensino secundario e do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, convocado pola Orde do 9 de abril de 2008 (Diario Oficial de Galicia do 13 de abril).

Por Orde do 9 de abril de 2008 (DOG do 13 de abril) convocáronse procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

O punto 4 da base común 13 da citada orde establece que a secretaría xeral poderá, por causa xustificada e por petición do interesado, conceder o aprazamento da fase de prácticas.

Por Orde do 29 de agosto de 2008 (DOG do 2 de setembro) nomeáronse funcionarios en prácticas, entre outros, os opositores que superaron o proceso selectivo do corpo de profesores de ensino secundario e do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas convocados por Orde do 9 de abril de 2008 (DOG do 13 de abril).

Vistas as peticións formuladas e a documentación presentada por Tomás Fernández Rodríguez e por Laura Iglesias Padrón, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Conceder aprazamento da fase de prácticas durante o curso 2008-2009 a:

NIF: 34243511-F.

Apelidos e nome: Fernández Rodríguez, Tomás.

Corpo/especialidade: PES/Org. e proxectos de fabricación mecánica.

NIF: 44450643-S.

Apelidos e nome: Iglesias Padrón, Laura.

Corpo/especialidade: EO/Inglés.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2009.

Jesús Vázquez Abad

Conselleiro de Educación e Ordenación

Universitaria

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO DOUS DE OURENSE

Edicto (307/2007).

Xuízo procedemento ordinario 307/2007.

Parte demandante: Nemesia Fernández Pereira.

Parte demandada: Manuel Antonio Rodríguez Vázquez.

No xuízo referido ditouse sentenza cuxa decisión literal é a seguinte:

«Decisión

Que estimando substancialmente a demanda interposta por Nemesia Fernández Pereira contra Manuel Antonio Rodríguez Vázquez, debo declarar que a demandante exerceu o dereito de opción de compra sobre a vivenda litixiosa de conformidade co contrato do 7 de xaneiro de 2004 e, como consecuencia diso, quedou perfeccionada a compravenda sobre a vivenda sita na rúa As Lagoas, nº 3, 5º D, edificio Torrenova e os seus anexos (inscrita no tomo 1008, libro 300, folio 8, predio nº 25840, inscrición 4ª), así como sobre a unha corenta e catroava parte indivisa da planta baixa do dito edificio, inscrita como predio nº 25820 no tomo 1122, libro 389, folio 16, inscrición 27, e condenar o demandado a estar e a pasar pola dita declaración e a que compareza ante o notario de Ourense que designe a demandante e outorgue escritura pública de compravenda dos referidos bens polo prezo pactado no contrato do 7 de xaneiro de 2004 (90.000 euros), en calidade de vendedor e titular rexistral deles, para o cal, dentro do prazo voluntario para o cumprimento da sentenza, deberá facilitar todos os datos e títulos necesarios para que o notario redacte a correspondente minuta e, unha vez elaborada, no momento da sinatura, reciba de mans da demandante a cantidade de 60.000 euros en concepto de prezo pendente de entrega, correndo o demandado con todos os gastos que supoña o dito outorgamento, sen prexuízo das cargas tributarias que a dita transmisión supoña, as cales serán soportadas conforme a lexislación fiscal. Así mesmo, declárase que a parte demandada incumpriu as con-